Praza da Constitución, 4

36670 Cuntis (Pontevedra)

CONCELLO DE CUNTIS

Tlf.: 986 548 005 Fax: 986 533 995

BASES

PROPOSTAS DE ACTUACIÓN COMUNITARIAS DO CONCELLO DE CUNTIS

A. Introdución

A participación cidadá é un eixe central da planificación municipal.

O principio sustentador dos Propostas de Actuación Comunitarias é a Democracia Participativa, através da cal a cidadanía ten dereito a participar no deseño, implementación e avaliación das políticas municipais de forma directa. Non se trata de actuar só en base a criterios técnicos ou ritmos administrativos senón de adecuarse ás necesidades e obxectivos da cidadanía en base ao diálogo permanente. O Orzamento como o instrumento por excelencia de calquera planificación das políticas locais, pode integrar a participación cidadá.

As actuacións comunitarias supoñen, ao tempo, un mecanismo útil para a promoción das condicións económicas, sociais, ambientais e culturais para a mellora das condicións de vida da poboación e o fortalecemento das bases do seu desenvolvemento.

B. Obxectivo do regulamento do proceso de OP

O presente regulamento será a norma que rexerá o proceso de participación nos OP do Concello de Cuntis, onde se decidirá o proxecto a executar da partida do exercicio económico de 2017 reservada a tal fin.

C. O alcance territorial

Poden facerse propostas que sexan de utilidade para todos os veciños e veciñas de Cuntis, exclusivamente, dentro do termo municipal.

Praza da Constitución, 4

36670 Cuntis (Pontevedra)

Tlf.: 986 548 005 Fax: 986 533 995

CONCELLO DE CUNTIS

D. Partida orzamentaria

A partida orzamentaria destinada, para o exercicio económico de 2017, ascende a cincuenta mil euros (50.000 €) con cargo ao Plan Concellos 2017 da Deputación de Pontevedra. O Concello elaborará o proxecto de execución e licitará e executará a obra.

E. A participación

E.1. Poderán participar nesta convocatoria e presentar propostas de actuacións, todas as persoas físicas, legalmente recoñecidas, con plena capacidade de obrar, que estean empadroadas no Concello de Cuntis e teñan cumpridos os 16 anos durante o desenvolvemento do proceso.

E.2. A participación realizarase a través da instancia tipo incluída no Anexo 1.

F. Criterios de valoración

F.1. Persoas beneficiadas directamente e público potencial.

Fai referencia ás persoas que se poden beneficiar de propostas moi concretas que soamente afecten á comunidade da zona de actuación e por outra banda a actuacións que atraian un público potencial alleo á comunidade. Para elo terase en conta o número de persoas de alta no Padrón de Habitantes no núcleo ao que afecte o proxecto.

O baremo de puntuación divídese en dous criterios (Pódese acadar un máximo de 5 puntos):

- Criterio A.- Puntuáse de 1 a 5, puntuando máis alto aquelas propostas que afectan a un maior número de persoas. As propostas que polo seu carácter máis aberto poidan atraer público alleo á zona de actuación acadaran automaticamente a máxima puntuación.
    - Menos de 30 persoas: 1

Praza da Constitución, 4

36670 Cuntis (Pontevedra)

CONCELLO DE CUNTIS

Tlf.: 986 548 005 Fax: 986 533 995

- Entre 31 e 55 persoas: 2
- Entre 56 e 80 persoas: 3
- Entre 81 e 100 persoas: 4
- Máis de 100 persoas: 5

- Criterio B.- Destínanse 2 puntos adicionais a aquelas propostas que afecten a aqueles núcleos de poboación que actualmente están sufrindo un maior despoboamento; intentando deste xeito igualar as oportunidades de todos os veciños de Cuntis.
  - Menos de 30 persoas: 2
  - Menos de 55 persoas: 1

F.2. Interese turístico

Este apartado é totalmente subxectivo, e pretende valorar aquelas propostas que poidan resultar de interese turístico e beneficiar a economía da vila. O baremo de puntuación vai de 5 a 1, puntuando máis alto aquelas propostas de maior interese turístico. Como criterio de valoración tomouse a proposta de maior interese turístico como puntuación máxima e a de menor interese turístico como puntuación mínima.

F.3. Recuperación do patrimonio ou do medio ambiente

Como xa se mencionou nas bases, a conservación e mellora do patrimonio cultural e medioambiental é un ítem clave neste programa de actuación. Neste caso, o baremo de puntuación tamén vai de 5 a 1, puntuando máis alto aquelas propostas que melloren o patrimonio cultural e medioambiental. Como criterio de valoración tomouse como puntuación máxima a proposta de maior mellora e como puntuación mínima a de menor mellora.

F.4. Necesidade / Funcionalidade

Praza da Constitución, 4

36670 Cuntis (Pontevedra)

Tlf.: 986 548 005 Fax: 986 533 995

CONCELLO DE CUNTIS

O aspecto tido en conta neste apartado é puntuar máis alto aquelas propostas que resulten máis necesarias por temas de seguridade, hixiene, inclusión etc. O baremo de puntuación vai de 5 a 1, e como criterio de valoración tomouse a proposta de maior necesidade como puntuación máxima e a de menor como puntuación mínima.

F.5. Orixinalidade e innovación

Ítem totalmente subxectivo, no cal se valora a orixinalidade, innovación e creatividade na proposta. Valorarase a creación de infraestruturas innovadoras inexistentes na contorna. Neste caso, o baremo de puntuación vai de 5 a 1, puntuando máis alto as mellores propostas. Como criterio de valoración tomouse como puntuación máxima a proposta de maior orixinalidade e innovación e como puntuación mínima a de menor.

F.6. Custo económico

A viabilidade económica da proposta é un factor clave a ter en conta, pois só dispoñemos dun total de 50.000 euros para destinar neste proxecto de mellora. O baremo de puntuación vai de 5 a 1, puntuando máis alto aquelas propostas que son economicamente máis baratas.

Maior de 50.000 euros → 1

Entre 30.000 e 50.000 euros → 2

Entre 10.000 e 30.000 euros → 3

Entre 5.000 e 10.000 euros → 4

Menor de 5.000 euros → 5

G. Sobre a composición da mesa de valoración de propostas

Praza da Constitución, 4

36670 Cuntis (Pontevedra)

CONCELLO DE CUNTIS

Tlf.: 986 548 005 Fax: 986 533 995

- Presidente: O alcalde do Concello de Cuntis, Manuel Campos Velay, con voz e voto
- 3 vocais: Un representante dos grupos políticos con representación municipal PP, Veciñanza e BNG. Con voz e voto.
- 1 vocal:Un técnico municipal competente na materia. Con voz e voto.
- Secretaria: a secretaria do Concello

H. Sobre as funcións da Mesa de valoración de Propostas

H.1. Estudar as propostas que se formulan, de forma que reúnan os requisitos establecidos no presente Regulamento.

H.2. Agrupar as propostas semellantes e ordenalas segundo o seu contido.

H.3. Establecer as puntuacións derivadas da aplicación dos criterios de ponderación das propostas.

I. Sobre o funcionamento da Mesa de valoración de Propostas

A Mesa levantará acta de cada sesión de traballo, reflectindo os acordos e, no seu caso, todas aquelas cuestións que se queiran recoller a proposta de calquera dos seus membros.

J. As propostas

J.1. Teñen dereito a realizar propostas as persoas empadroadas no concello que teñan cumpridos os 16 anos no momento de presentar a instancia, a nivel individual ou en grupo, así como asociacións e entidades sen ánimo de lucro con domicilio no Concello de Cuntis.

J.2. Para poder realizar propostas haberá que cumprimentar un modelo de formulario incluído no ANEXO I que se poderá descargar dende a páxina web do concello ou obter de forma presencial nas dependencias municipais, presentando dito modelo no rexistro municipal.

Praza da Constitución, 4

36670 Cuntis (Pontevedra)

Tlf.: 986 548 005 Fax: 986 533 995

CONCELLO DE CUNTIS

O prazo de presentación das propostas será de 15 días naturais desde o seguinte á publicación destas bases.

Unha vez rematado o dito prazo a mesa de valoración reunirase co fin de valorar as mesmas e mediante acordo, realizará a valoración de todas as propostas presentadas. Unha vez valoradas, tomará a decisión correspondente.

J.3. As propostas presentadas que non sexan viables ou non se axusten aos requisitos establecidos non se someterán a debate. En todo caso, as propostas que queden excluídas deberán estar suficientemente motivadas, explicitando as causas polas que foron desestimadas. Serán a Mesa de Propostas quen faga esta valoración. En caso de exclusión da proposta, comunicarase ao promotor os motivos da mesma.

J.4. Xunto coa proposta, de ser posible, achegarase unha valoración do custo de execución da mesma. As propostas de máis de 50.000€ serán descartadas.

J.5. Só se aceptarán as propostas que foran presentadas dentro do prazo establecido e exclusivamente en solo de titularidade municipal. No caso de que o solo sexa privado, de ser elixida a proposta, deberá cederse o mesmo ao Concello para poder executar a mesma.

J.6. As propostas serán ordenadas previamente para evitar duplicidades e poder agrupar propostas que resulten semellantes.

J.7. As propostas estimadas para a fase de decisión expoñeranse na web do proceso.

J.8. En ningún caso as propostas poderán ser subvencións de carácter nominativo.

Cuntis, 9 de marzo de 2017.

Jose Antonio Sánchez Estévez

Praza da Constitución, 4

36670 Cuntis (Pontevedra)

CONCELLO DE CUNTIS

Tlf.: 986 548 005 Fax: 986 533 995

PROPOSTA DE ACTUACIÓN COMUNITARIA

NOME DO/A SOLICITANTE: _____

ENDEREZO: _____

DNI/CIF: _____ TLF. CONTACTO: _____ E-MAIL: _____

PROPOSTA DE ACTUACIÓN: O PATRIMONIAL O MEDIOAMBIENTAL O OUTRA

DESCRICIÓN DETALLADA DA ACCIÓN A REALIZAR:

EN CUNTIS, A ..... DE ..... DE 2017

SINATURA:

A/A ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CUNTIS